



CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

ACTA

PLENO DE CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN 2019-2020

No Salón de Plenos do Concello de Outes, cando son as 12:00 horas do día 15 de xuño de 2019, á vista dos resultados acadados nas Eleccións Municipais celebradas o pasado 26 de maio, reflexados na acta de proclamación remitida pola Xunta Electoral de Zona de Noia, e ós efectos da renovación da Corporación Local, reúnen os Sres. Concelleiros Electos, que a continuación se enumeran:

- D. Manuel González López
- D. José Manuel Ramos Caamaño
- D^a Raquel García Barreiro
- D. Daniel Rodríguez Gándara
- D^a Alba Quintela Vilariño
- D^a María Beatriz Molinos Vidal
- D. Andrés Castro Abelleira
- D. Albino García Trillo
- D^a. Juana Lago Prol
- D. Tomás Gosende Cambeiro
- D^a. María José Suárez Castro
- D. Anxo Núñez Fernández
- D. José Antonio Caamaño Lestón.

Procédese deste xeito e neste acto a dar cumprimento ó establecido nos artigos 195 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, e 37 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, nos que se prevé que

“ 1. As Corporacións municipais se constitúen en sesión pública o vixésimo día posterior á celebración das eleccións, salvo que se presentara recurso contencioso-electoral contra a





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

proclamación de electos, constituíndose neste caso o cuadraxésimo día posterior ás eleccións.

2. A tal fin, constitúese unha Mesa de Idade integrada polos elixidos de maior e menor idade, presentes no acto, actuando como Secretario o que o sexa da Corporación.

3. A Mesa comproba as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos con base as certificacións que ó Concello remitira a Xunta Electoral de Zona.

4. Realizada a operación anterior a Mesa declarará constituída a Corporación se concorren a maioría absoluta dos concelleiros electos (7, no noso caso). En caso contrario, celebrarase sesión dous días despois, quedando constituída a Corporación calquera que fora o número de Concelleiros presentes”.

De conformidade con este artigo procédese a constitución da Mesa de Idade, Mesa que vai presidir a sesión ata o momento en que, como consecuencia da elección, se proclame alcalde e proceda a tomar posesión.

Integran a Mesa de idade

- O Sr. Tomás Gosende Cambeiro, como concelleiro de maior idade e polo tanto Presidente da Mesa.

- O Sr. Anxo Núñez Fernández, como concelleiro de menor idade e que actúa como vogal da Mesa.

Examinadas as súas credenciais, pasa a presidir a sesión o Presidente da Mesa, actuando eu, Secretaria da Corporación, como Secretaria da mesma.

-PRESIDENTE: A Mesa de Idade vai proceder a **comprobar as credenciais** ou acreditacións de personalidade presentadas polos concelleiros/as electos na Secretaría da Corporación, na que tamén se presentaron as declaracións correspondentes dos Rexistros de Intereses, de conformidade co esixido polo artigo 75.7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Examinadas as credenciais, declarase a conformidade da Mesa.

Estando presentes a maioría absoluta dos concelleiros electos, **DECLÁRASE CONSTITUÍDA A CORPORACIÓN.**





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

Seguidamente procederáse á **formulación do xuramento ou promesa** de acatamento á Constitución legalmente esixido. A estes efectos a Secretaria procederá ó seu chamamento.

- D. Manuel González López
- D. José Manuel Ramos Caamaño
- D^a Raquel García Barreiro
- D. Daniel Rodríguez Gándara
- D^a Alba Quintela Vilariño
- D^a María Beatriz Molinos Vidal
- D. Andrés Castro Abelleira
- D. Albino García Trillo
- D. Juana Lago Prol
- D^a. María José Suárez Castro
- D. José Antonio Caamaño Lestón.

A continuación, xurarán os membros da Mesa de idade:

D. Tomás Gosende Cambeiro

D. Anxo Núñez Fernández

Todos eles toman debidamente posesión do seu cargo.

- **PRESIDENTE:** A continuación procederáse á **elección do alcalde**, polo que ten a palabra a Secretaria, co obxecto de explicar o procedemento a seguir para a súa elección.

- **SECRETARIA.** En este punto, de acordo co disposto no artigo 196 da Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, *“Na mesma sesión de constitución da Corporación, procédese á elección do Alcalde, de acordo co seguinte procedemento:*





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

a) *Poden ser candidatos todos os concelleiros que encabecen as correspondentes listas.*

b) *Se algún deles obtén a maioría absoluta dos votos dos Concelleiros é proclamado electo.*

c) *Se ningún deles obtén dita maioría é proclamado Alcalde o Concelleiro que encabece a lista que obtivera maior número de votos populares no correspondente Municipio. No caso de empate resolverase por sorteo”.*

Debe levarse a cabo en este punto a elección do sistema de votación.

En primeiro lugar, procede a votación para acordar a elección por medio da votación secreta, para o que se esixe o voto favorable da maioría absoluta.

VOTACIÓN

A Corporación acorda a votación secreta por unanimidade dos presentes.

A efectos de presentar as correspondentes candidaturas, preguntáseles ós candidatos cabeza das correspondentes listas, se manteñen a mesma:

- Compromiso Outes, D. Manuel González López: SI
- Partido Popular: D^a María Beatriz Molinos Vidal: SI
- BNG de Outes: D^a María José Suárez Castro: SI
- PsdeG-PSOE: D. José Antonio Caamaño Lestón: SO

Procédese polo tanto á votación, de xeito tal que cada Concelleiro introduce o correspondente voto na urna.

ESCRUTINIO

Votos emitidos: 13

Votos válidos: 13

Votos en branco: 0

Votos nulos: 0

RESULTADO:





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

CANDIDATO	PARTIDO POLÍTICO	Nº VOTOS
MANUEL GONZÁLEZ LOPEZ	CO	5
MARIA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	PP	5
MARIA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	BNG	2
JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	PSOE	1

Ó non acadar ningún candidato a maioría absoluta dos votos, será proclamado Alcalde o candidato que encabeza a lista máis votada, en este caso, D. Manuel González López.

-**PRESIDENTE:** Queda proclamado alcalde do Concello de Outes o concelleiro de Compromiso Outes, D. Manuel González López.

- **SECRETARIA:** A Continuación procédese a **toma de posesión** de D. Manuel González, como novo alcalde do Concello de Outes, mediante a lectura de fórmula legal de xuramento ou promesa de acatamento a Constitución.

O Presidente da Mesa de Idade cede a Presidencia da sesión, entregando o bastón de mando, momento no que abandonan a Mesa presidencial os membros da Mesa de Idade, que se dirixen os seus respectivo escanos.

O novo Alcalde toma a palabra, para pronunciar o discurso de investidura, que ten o seguinte tenor literal:

“Benqueridos concelleiros e concelleiras; benqueridos veciños e veciñas aquí presentes, Comezamos hoxe un novo mandato na nosa aínda curta historia da democracia municipal. Para min supón unha grande honra e unha grande responsabilidade facelo como Alcalde, xa electo por este pleno. Poucas honras hai, no plano político, máis grandes que ser elixido alcalde do teu pobo.

Creo que a ninguén se lle escapa que estamos diante dun mandato diferente aos anteriores. Primeiro porque nunca na historia de Outes, polo menos no actual período democrático, existira unha maioría progresista e galeguista neste pleno. Só por este motivo este mandato que iniciamos ten un carácter histórico. En segundo lugar porque, tamén por primeira vez en Outes, o grupo que respalda o goberno, sendo como foi a forza política máis votada o pasado 26 de Maio, non ten a maioría absoluta neste hemiciclo. Son e somos no meu grupo, moi conscientes deste feito, e por iso sabemos que este mandato terá que ser -queremos





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

que sexa- o do diálogo e o do acordo. E que este pleno sexa, non só de iuri senón tamén de facto, o centro da política municipal Outense como nunca o foi até o momento.

É por iso polo que lle tendo á man a tódolos grupos políticos e a tódolos concelleiros aquí presentes para chegar a acordos polo ben de Outes e dos nosos veciños. E particularmente aos grupos do BNG e do PSOE cos que contamos con máis afinidades ideolóxicas e programáticas. Evidentemente non vos pedirei aos grupos da oposición que renunciades á vosa labor de fiscalización da actividade do goberno, nin á crítica política cando o consideredes oportuno, pero si vos pido que entre todos e todas traballemos con lealdade e pensando no mellor para Outes. Parafraseando ao noso Daniel Alfonso Rodríguez Castelao... “non só lle poñamos tachas á obra, traballemos por ela porque hai sitio para todos”... e esa obra chámase no noso caso, Outes.

Ao igual que a maioría democrática que decidiu o pobo de Outes o 26 de Maio, este goberno sitúase nas coordenadas do galeguismo e do progresismo. O galeguismo entendido como a aposta e a crenza de que os galegos e galegas somos quen de xestionar o noso futuro e solucionar os nosos problemas, de maneira plural e aberta ao resto de pobos de España e Europa. O progresismo, entendido como aposta pola igualdade social e a redistribución da riqueza, loita fundamental da esquerda política e social ao longo da historia. Nese sentido, este goberno é tamén froito da semente posta por galeguistas, nacionalistas e progresistas outenses nos albores da democracia do '78. De xustiza é recoñecer ese esforzo histórico.

Mais, sendo estas a nosas coordenadas ideolóxicas, o noso compromiso é gobernar para todas as persoas de Outes, independentemente da súa ideoloxía e do seu pensamento, independentemente do seu voto. Porque máis alá das etiquetas e das siglas, o noso principal compromiso é e seguirá sendo Outes e a súa xente.

A labor deste goberno atenderá, como non podía ser doutro xeito, aos nosos compromisos programáticos cos que concorreremos as pasadas eleccións. E por iso a nosa acción de goberno terá piares fundamentais:

Primeiro, unha aposta polo desenvolvemento Económico.

Outes vive unha situación de declive socioeconómico e demográfico evidente. Non é un trazo exclusivo do noso concello, aínda que e a nós a quen debe preocuparnos. Sabemos





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

que non é doado pois os recursos dispoñibles dende unha administración local son limitados. Pero queremos tentalo. Por iso, entre outras medidas, queremos por en marcha:

- 1. Servizo técnico de desenvolvemento local. Apoiar a creación de empresas e de emprego.*
- 2. Axudas directas á creación de empresas en sectores estratéxicos para nós. Posta en valor da produción agraria, marisqueira e forestal sostible; servizos de atención á terceira idade, ou mesmo servizos profesionais avanzados que se poidan prestar á distancia.*
- 3. Desbloquear o chan industrial no PXOUM, para que Outes conte no medio prazo cunha área industrial.*
- 4. Traballar man a man co sector do turismo para por en marcha medidas de posta en valor do noso enorme patrimonio cultural, paisaxístico ou mesmo industrial.*

Segundo, a aposta polo mantemento e coidado das infraestruturas e do territorio.

Trátase de priorizar o mantemento sobre as novas actuacións. Para iso, queremos:

- 1. Plan ordenado de limpeza dos espazos e vías públicas.*
- 2. Revisión a fondo da rede de saneamento, que garanta o coidado da nosa principal fonte de riqueza, a nosa ría.*
- 3. Mellorar o servizo de recollida do lixo, poñendo en marcha un servizo de recollida de voluminosos e adecentando os espazos dos contedores.*
- 4. Desenvolver un plan de humanización na vila da Serra, con actuacións de mellora nas rúas e espazos públicos.*
- 5. Realizar actuacións de conservación e reposición en paseos marítimos e espazos públicos que o precisen.*

En terceiro lugar, faremos unha aposta pola mellora da calidade de vida e o benestar da cidadanía e, para iso, queremos:

- 1. Poñer en marcha da Escola infantil, transformando o actual Punto de Atención á Infancia.*
- 2. Poñer en marcha servizos de conciliación acorde as demandas dos centros educativos e das ANPAS.*





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

3. *Poñer en marcha programas de avellentamento activo para a xente maior, que sirvan para poñer en valor a súa experiencia e saberes.*
4. *Reforzar os servizos de dependencia e atención no fogar.*
5. *Traballar con outras administracións para que Outes conte cunha residencia para a terceira idade.*
6. *Colaborar estreitamente con entidades que atenden a colectivos con necesidades especiais como ADIBISMUR, por nomear unha.*

En cuarto lugar, faremos unha aposta pola cultura de calidade, deporte e lecer.

O noso obxectivo é non só que a cidadanía de Outes teña unha oferta de calidade neste eido senón que sexamos capaces de poñer Outes no mapa para así atraer xente doutros lugares, dándolle continuidade e mellorando a programación cultural existente, desenvolvendo eventos innovadores, como poden ser os “Vermús Sonoros”, o programa “Outes vai de Tapas”, e outros que temos falado; e en canto ao deporte, mantendo un diálogo continuo cos clubs deportivos, coordinando as súas actuacións coas do concello e promovendo eventos que proxecte a Outes cara fóra.

E, por último, faremos unha aposta pola transparencia e a participación.

A transparencia é unha obriga da boa xestión e é o mellor antídoto contra a corrupción.

Publicaremos periodicamente na web do concello as remuneracións percibidas polos concelleiros, as subvencións ás entidades, e toda aquela información de relevancia que deban coñecer os veciños.

E en canto á participación, queremos que este mandato sexa un mandato de participación da cidadanía, polo que poremos en marcha os orzamentos participativos, para que a cidadanía parroquia por parroquia, marque as prioridades en canto a investimentos.

O reto que temos diante nosa non é pequeno.

Aos meus compañeiros e compañeiras de goberno pídolles lealdade, traballo e sobre todo capacidade para escoitar aos veciños. Teremos acertos, pero tamén cometeremos erros, pois errar é de humanos e ninguén naceu aprendido. En calquera caso, pídovos que tanto nos erros como nos acertos apliqueades aquela máxima de Pablo Picasso cando lle preguntaban pola inspiración. Decía Picasso que a inspiración era importante pero que el





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

procuraba que sempre o collera traballando. Pois a nós tamén, que nos collan, erros, acertos e inspiración, traballando.

E remato xa, apelando de novo aos membros deste pleno, a todos e a todas, a quen lles reitero a man tendida para colaborar e traballar conxuntamente no mellor para Outes. A todos os concelleiros e concelleiras, deséxovos moita sorte. E ós veciños e veciñas aquí presentes, sabede que tedes as portas do Concello, do voso Concello, abertas para o que precisedes.

Moitas grazas.

A continuación, o Alcalde cede a palabra ós distintos partidos.

Toma a palabra D^a María Beatriz Molinos Vidal que, en primeiro lugar, felicita ó recién elixido Alcalde de Outes e a todos os demais concelleiros.

A continuación fai referencia a que nas pasadas eleccións do 26 de maio, as urnas do Concello de Outes amosaron un resultado que fai que o Partido Popular se coloque na oposición, con cinco concelleiros, o mesmo número que Compromiso Outes. Dando conta deste mandato popular, farán unha oposición perseverante, responsable e constructiva e, como non pode ser doutro xeito, fiscalizadora e de control do goberno municipal.

A súa motivación para traballar será a que xa viñan mantendo estes últimos anos no goberno, que é a xente, a procura do que é mellor para Outes e para os seus veciños, xa que non esquecen que os outenses son os protagonistas da vida municipal e os donos deste Concello.

Finaliza dicindo que, independentemente de diferencias e discrepancias, agardan que neste período reine o respecto e a cordialidade entre todos os membros da Corpración.

Seguidamente toma a palabra María Xosé Suárez, que tamén da os parabéns a Alcalde e Concelleiros e fai referencia a que se trata dunha data histórica para o Concello, rompendo cunha maioría absoluta que durou máis de 25 anos; pero tamén fai referencia a





CONCELLO DE OUTES (A Coruña)

que se trata dun momento distinto, no que se esperaba un goberno progresista e cos apoios progresistas para traer estabilidade ó Concello, pero pese ós intentos do BNG para lograr acordos con Compromiso Outes, isto non foi posible, polo que farán unha oposición construtiva, obxectiva, vixiante e denunciante, sempre tendo claro que a súa principal función como concelleiros do BNG é defender os intereses dos veciños e veciñas de Outes.

Por último toma a palabra José Antonio Caamaño Lestón, que fai referencia a que é un orgullo para el ser concelleiro no seu pobo e representar ó Partido Socialista de Outes, partido desde o cal quere transmitir a todos os presentes a satisfacción polo xiro político dado nas eleccións municipais, despois de tantos anos. Os socialistas apostan cen por cen por este cambio, e están dispostos a apoiar un goberno estable que garanta un futuro mellor para os veciños, se ben lamenta que as forzas de esquerdas e progresistas non fosen quen de chegar a ningún acordo de goberno. Deséxalle o mellor ó novo grupo de goberno, que acerten nas súas decisións e que se cambie a forma de facer política en Outes, e que mellore o benestar dos concidadáns.

O Alcalde volve tomar a palabra, e comunica todos os concelleiros/as que Seguina Secretaría e Intervención teñen a súa disposición toda a documentación relativa o arqueo extraordinario e o inventario de bens, de conformidade co previsto na normativa aplicable.

Cede a palabra á Secretaria, que fai referencia á inexistencia da Inventario Municipal, e á Interventora, que pon a disposición dos concelleiros e concelleiras o arqueo de arqueo extraordinaria onde se reflexan os saldos das contas bancarias do Concello de Outes.

Remata a sesión ás 12:38 do que, como Secretaria, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

